

ASUNTO: 8 de marzo, Día Internacional da Muller

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de marzo de 17:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reivindicación desta data ten a súa orixe no 8 de marzo de 1857. As obreiras téxtils e da confección de Nova York, realizaron unha gran folga e manifestáronse nas rúas esixindo o dereito ao traballo e condicións más dignas. Xa no século XX, outro 8 de marzo de 1908, un grupo de obreiras téxtils neoyorkinas da fábrica Cotton, reclamaron nas rúas a xornada de 8 horas, a abolición do traballo infantil e a igualdade do voto para a muller, mentres que outras 129 obreiras permaneceron no establecemento e foron masacradas no incendio provocado polos seus propietarios e a policía en resposta a estas reclamacións.

O 8 de marzo de 1910, Clara Zetkin propuxo na Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, celebrada en Dinamarca, que todos os anos se realizase unha manifestación internacional unificada en prol dos dereitos e a liberdade da muller, o que se aprobou como resolución asinada por máis de cen delegadas de 17 países.

O 25 de marzo de 1911 unha fábrica de camisas ardeu en Nova York provocando a morte de 146 mulleres. As traballadoras téxtils faleceron debido ás queimaduras, os derrubos e a inhalación de fume e outras suicidáronse ao non ver escapatoria. Gran parte das empregadas eran inmigrantes mozas que roldaban os 20 anos de idade. As mortes producironse porque as traballadoras non puideron saír do edificio en chamas, a causa principal demostrouse que fora porque os donos da fábrica pecharan as portas das escaleiras e selaran as saídas para evitar roubos. No Estado, esta manifestación faise por primeira vez en 1936.

En 1952, a ONU estableceu o 8 de marzo como Día Internacional da Muller e declarou 1975 "Ano Internacional da Muller".

Xa na actualidade, o 25 de abril do 2013 produríronse 243 mortas e mais de 1.000 feridas nunha fábrica téxtil de Bangladesh, as traxedias non paran.

Este breve reconto pon de relevo as condicións de traballo en que se desempeñaron -e ainda o fanmillóns de mulleres en todo o mundo, e que constitúen unha das tantas formas de opresión postas en práctica polo sistema capitalista e patriarcal. O patriarcado é a ideoloxía que rexe a transmisión cultural, de xeración en xeración, de escalas de valores e mandatos sociais, así como a normatividade vixente en cada país e época. Noutras palabras, o patriarcado é a superestrutura que exerce o control social sobre a vida cotiá de mulleres e homes, dentro e fóra do fogar, do ámbito laboral e de cada un dos lugares nos que interactuemos.

O sistema oprixe a ambos xéneros, pero nas mulleres a opresión afondase pola súa especificidade, ó estar sometida a unha dobre ou tripla explotación, como traballadora, como coidadora, e como muller.


A natureza do feminismo é absolutamente subversiva, porque identifica o patriarcado como o principal inimigo, a ideoloxía que proporciona fundamento político e mecanismos de control social a todas aquelas ideoloxías que apoian a opresión de distintos xeitos; porque describe como opera o patriarcado nas distintas ordes (vida cotiá, normativas legais, educación, traballo, saúde, etc.); porque reconoce a transversalidade do exercicio do poder patriarcal así como a transmisión cultural deste.

Consideramos que o obxectivo debe ser materializar reivindicacións moi amplas das aquí propostas.

Por todo isto, o Pleno ACORDA

1. Fomentar a conciliación laboral e familiar das traballadoras que residen no noso concello e do persoal municipal.
2. Incluír unha cláusula nos contratos que celebre esta administración que obriguen ás empresas a acreditar estar ó corrente do cumprimento de todos os dereitos das traballadoras e establecer unha valoración positiva na selección para quen acredite melloras nos dereitos das traballadoras establecidos na lexislación vixente.
3. Programar actividades nos meses de febreiro e marzo para os centros escolares co obxectivo de lograr a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Cabanas, 19 de marzo de 2017



Xosé-Manuel Pérez Sardiña

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS